

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN TRASLATIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO IACOBUS MARIS EXPERIENCE 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Traslatio o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten como obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Traslatio para o desenvolvemento do proxecto Iacobus Maris Experience 2023.

As actividades que se levarán a cabo serán, entre outras, as seguintes:

- Divulgacións, talleres e visitas guiadas ó “Hidria Segundo” e “Nautilus” desde o mércores 26 ó domingo 30 de xullo.
- Visitas e saídas a bordo da goleta “Atyla” desde o xoves 27 ó domingo 30 de xullo.
- Concertos o venres 28 e o sábado 29 de xullo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a



promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

Segundo.- Os Camiños de Santiago supoñen historicamente un constante fluxo de peregrinos e peregrinas que, no seu itinerario cara a Santiago de Compostela, veñen construindo unha cultura común europea ao longo de máis de mil anos de historia en común.

A política desenvolvida pola Xunta de Galicia a principios dos anos noventa do pasado século revitalizou os Camiños de Santiago e fixo que nas últimas décadas estes Camiños experimentasen un extraordinario auge, vivindo un novo tempo de peregrinación, de intercambio de ideas, de culturas e de nacionalidades, que converten aos Camiños de Santiago e a Galicia en elementos referenciais en Europa e en gran parte do mundo.

A ruta Iacobus Maris conmemora a viaxe do corpo do Apóstolo Santiago desde o porto de Jaffa, en Palestina, ata Santiago de Compostela, atravesando o Mare Nostrum de Oriente a Poñente, e seguindo rumbo norte ata Galicia. Actualmente é a peregrinación marítima Xacobeá máis longa da historia.

Cidadáns, turistas e peregrinos puideron gozar do 21 ó 24 de xullo de 2022 da Iacobus Maris na chegada da súa última etapa ó porto de Vigo. A peregrinación marítima xacobeá partiu o 26 de xuño de 2022 do porto italiano de Xénova con destino a Vigo e escalas en Sevilla, Valencia e Oporto. A flota, composta por once buques en total, arribou ó porto vigués para amarrar nos peiraos da contorna da Estación Marítima.



Terceiro.- A Fundación Traslato foi creada en 2016 pola Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia e outras persoas físicas e xurídicas co obxectivo de realizar cada ano santo, ou cando os patronos o estimen conveniente, a ruta de peregrinación seguida polo corpo do Apóstolo dende o Mar Mediterráneo a Galicia.

Os fins desta fundación son:

- Difundir e promover o Camiño de Santiago, en especial a través da tradición da Traslato. O carácter xacobeo e marítimo desta tradición serán os valores informadores que, indisolublemente, informarán os fins e actividades da Fundación.
- Difundir e promover a práctica da vela en grandes veleiros, por toda a xeografía española, sen prexuízo do ámbito internacional, favorecendo a interrelación cultural e entre a xuventude.
- Difundir e promover o patrimonio cultural, material e inmaterial, da vila de Bouzas e de Vigo, a tradición do Cabaleiro das Cunchas en tanto feito esencialmente relacionado coa Traslato e, en xeral, da Tradición Xacobeá e as súas rutas marítimas.
- Promover internacionalmente a peregrinación por mar a Santiago de Compostela.
- Promover internacionalmente a difusión turística asociada ao feito Xacobeo e á Traslato.
- Fomentar o recoñecemento da historia e patrimonio inmaterial da Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos en tanto institución que recuperou a tradición do Cabaleiro das Cunchas como elemento integrante da Traslato e de singular relevancia na Tradición Xacobeá.

Cuarto.- O proxecto a desenvolver entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Traslato a través do presente convenio de colaboración é un programa interdisciplinar que entre o 26 e o 30 de xullo de 2023 permitirá descubrir o patrimonio marítimo do Porto de Vigo, a través de distintas actividades e programas pensados para toda a familia.

A bordo do ATYLA, unha goleta de orixe vasca inspirada nos veleiros do século XVIII, poderase coñecer a experiencia de navegar nunha embarcación deste tipo nas distintas saídas programadas na Ría de Vigo. O ATYLA tamén formará parte do programa divulgativo, con visitas nas que se descubrirán as peculiaridades deste singular veleiro, por continuar navegando mediante cartas marítimas clásicas.



O NAUTILUS, visor submarino instalado no Porto de Vigo, é outro dos contidos do programa divulgativo, que permitirá descubrir a vida mariña no porto, é unha ventá aberta á observación e o coñecemento da vida do fondo mariño en tempo real. Complementábase con talleres e actividades didácticas, tanto para nenos como para adultos, para promover o coñecemento e a comprensión dos ecosistemas mariños do Porto de Vigo e os seus habitantes, incluíndo as especies da zona costeira e do fondo mariño, dunha forma lúdica.

O HIDRIA SEGUNDO, histórico alxibe, que está considerado como o único barco en activo cun motor de vapor en España, será durante toda a semana un centro de formación e divulgación do valor e o legado marítimo da cidade de Vigo.

Desde o xoves 27 ata o domingo 30 de xullo o *VILLAGE* será o punto de encontro para a fusión da nosa gastronomía, a nosa música e todo o ocio para o goce de familias, turistas e navegantes. Na proposta gastronómica combinarase a cociña tradicional de produtos do mar coa nova cociña galega, achegando un valor engadido ó principal evento náutico de grandes veleiros en Galicia. O ciclo de concertos acollerá actuacións musicais que converterán o Porto nun espazo vivo para a música en directo.

Quinto.- O proxecto a desenvolver entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Traslatio a través do presente convenio de colaboración é a promoción, difusión e organización da Ruta Iacobus Maris 2022, o cal responde ao interese común de ambas as dúas partes. Ademais contribuirá á promoción e divulgación ao longo de toda esta ruta tanto do Xacobeo 2022 como da cultura xacobeá, e porá en valor as rutas e a peregrinación ao Camiño de Santiago como recurso estrela da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa Fundación Traslatio dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

Sexto.- A colaboración público privada na consecución destes fins comúns xustifica a sinatura do presente convenio.

Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio de colaboración.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

